

RÚA ext-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música electrónica, circo, danza contemporánea, teatro de rúa... que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Para público familiar e adulto.

Entrada de balde.

- Venres** ▶ **20.00 horas:** Circo Chosco. **“Oh-pera”** (circo)
Parque José Martí (Santa Cristina)
- 21.30 horas:** Ortiga. **“Concerto”**
(música electrónica)
Praza Afundida (Santa Cristina)
-
- Sábado** ▶ **20.00 horas:** La Troupe Malabó. **“Karpaty”** (circo)
Praza Esther Pita (Sta. Cruz)
- 21.30 horas:** Wilbur. **“Fuego Salvaje”** (circo)
Praza do Castelo (Santa Cruz)
-
- Domingo** ▶ **12.30 horas:** Migallas. **“Cantaxoga”** (música infantil)
Miradoiro de Santa Ana (Mera)
- 21.00 horas:** - Cia. Entremans / **“Minguantes”**
- Cia. Marcia Vázquez Ramírez / **“Onde pousa a humidade”**- Janet Novas / **“Feelings”**
(danza contemporánea)
Parque José Martí (Santa Cristina)

RÚA ext-cénica

VI Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 15 ao 17
de xullo de 2022

► Venres 15 de xullo

ás 20.00 h: **CIRCO CHOSCO / Oh-Pera** (circo). Parque José Martí (Santa Cristina)

Gañadores do certame intergaláctico do Festaclown 2021

Dirección: Arizta Rodríguez. **Elenco:** Ariñe Azkue e Óscar Páez. **Procedencia:** Galicia.

Destinatarios/as: todos os públicos. **Duración:** 50 minutos

Sinopse: Un espectáculo de circo contemporáneo, un show innovador, que achega ao público a unha dramaturxia onde os personaxes atravesan situacións realmente divertidas.

Mestura de teatro, humor e circo, onde o realismo síntese nas técnicas de circo cun risco totalmente real, en canto a equilibrios, acrobacias e técnicas aéreas levadas a cabo dunha forma creativa, única e nunca vista.

ás 21.30 h: **ORTIGA** (música electrónica, cumbia). Praza afundida (Santa Cristina)

Elenco: Manuel González "Chicho". **Procedencia:** Galicia.

Destinatarios/as: todos os públicos. **Duración:** 60 minutos

Sinopse: Ortiga é o proxecto musical de Manuel González alias Chicho, músico, cantante e compositor de Santiago de Compostela.

O artista galego aposta polos sons frescos e bailables, combinando o espírito verbeneiro cos ritmos latinos, co seu estilo denominado cumbiatune ou psicocumbia, unha proposta única dentro do panorama musical alternativo: a fusión da cumbia, o merengue, a bachata e o autotune.

► Sábado 16 de xullo

ás 20.00 h: **LA TROUPE MALABÓ / Karpaty** (circo). Praza Esther Pita (Santa Cruz)

Autoría: Marisa Ibáñez. **Dirección artística:** Jordi Purtí. **Elenco:** Marisa Ibáñez, Alba Blanco, Sergio chaves e Xavi Castelló. **Procedencia:** Valencia.

Destinatarios/as: todos os públicos. **Duración:** 60 minutos

Sinopse: Todo comeza en Karpaty Cirqué, un vello e prestixioso circo ruso. Tras anos de éxito, estalan guerras, epidemias, falta de amor..., deixando ao circo na decadencia. Os superviventes do circo emprenden unha viaxe na procura dun lugar onde realizar o seu soño: volver a mostrar a súa arte ao público.

ás 21.30 h: **WILBUR / Fuego salvaje** (circo). Praza do Castelo (Santa Cruz)

Dirección: Rolando San Martín. **Elenco:** Victor Ortiz (Wilbur). **Procedencia:** Madrid

Destinatarios: Todos os públicos. **Duración:** 55 minutos

Sinopse: Wilbur nos presenta, a corazón aberto, unha historia real e arrebatadora. Unha viaxe iniciática sobre a reconquista do ser e do propio corpo.

Un cara a cara entre un pallaso de ombros caídos e un eximnasta que aínda presume de ser campión de España nos anos 90. Esta peza é unha invitación a mirarnos no espello do patético, a aceptar que non somos nin tan guapos/as, nin tan fracos/as, nin tan gordos/as, nin tan intelixentes, nin tan normais. Non é un espectáculo perigoso, senón brutalmente revelador, cruel e amoroso.

► Domingo 17 de xullo

ás 12.30 horas: **MIGALLAS TEATRO / Cantaxoga** (Música infantil)

Miradoiro de Santa Ana (Mera)

Elenco: Carlos Yus e María Campos. **Procedencia:** Galicia

Destinatarios/as: todos os públicos. **Duración:** 60 minutos

Sinopse: "Cantaxoga" é un espectáculo de teatro e música onde María Campos e Carlos Yus interpretan cancións dos discos "Canta connosco!" e "Pan de millo" acompañados por unha banda de pulgas. O espectáculo ten como finalidade demostrar que na lingua galega, ademais da música tradicional, teñen cabida todos os estilos e tendencias musicais: rock, cumbia, rap, reagge, pasodobre, rumba, etc.

ás 21.00 h: **Cía. Entremans / Minguantes • Cía. Marcia Vázquez / Onde pousa a humidade • Janet Novas / Feelings** (danza contemporánea)

Parque José Martí (Santa Cristina)

• **Cía. Entremans: Minguantes**

Autoría e interpretación: Ana Beatriz Pérez e Armando Martén. **Música:** Arvo Part, Philip Glass e Tibor Szemző. **Procedencia:** Galicia.

Destinatarios/as: todos os públicos.

Duración: 16 minutos

Sinopse: Cando todo se pare, escoita o animal minguante, sentirás a beleza do seu silencio.

Caen as follas como o teu cabelo

A choiva apenas sente

Sen darnos conta, brotan as flores

A choiva segue, o teu cabelo cae, e o brillo nos teus ollos segue intacto

• **Cía. Marcia Vázquez Ramírez: Onde pousa a humidade**

Creación: Marcia Vázquez. **Elenco:** Marcia Vázquez. **Procedencia:** Galicia

Destinatarios/as: todos os públicos.

Duración: 15 minutos

Sinopse: Onde pousa a humidade é un proceso de investigación e creación dun solo que profunda na espera e a súa relación co corpo

en tempo presente e pasado. Inspírase na Costa da Morte, Galiza, unha das costas con máis naufraxios de Europa. "Unha homenaxe ás mulleres, as que sempre agardan a que o océano lles devolva, polo menos, os restos de ósos dos seus parentes. Mentres, o sal cuarteas as súas mans que tecen, rede a rede, o que as mantén en terra".

• **Janet Novas: Feelings**

Creación e interpretación: Janet Novás.

Procedencia: Galicia

Destinatarios/as: todos os públicos.

Duración: 20 minutos

Sinopse: Feelings é un traballo que nunca se definiu, naceu o día dunha morte e xurdiu como un grito ou un choro por esa perda... Desde ese momento negouse a tomar unha forma concreta e tamén a morrer. Feelings é un corpo vivo que quere habitar espazos para chorar, para tomar o choro como un exercicio de liberación, para bailalo e exaltar a beleza dun corpo abatido.